



# 6º SLALOM VILA DE AS PONTES

## BRIEFING DE PILOTOS

Bo día e benvid@s a tod@s ao 6º slalom Vila de As Pontes!

Lembrede que o **Taboleiro Oficial da Proba** é a través da plataforma dixital Sportity, coa clave **ASPONTES25**, e que tamén empregamos a modo non oficial o grupo de WhatsApp da proba, na que só podemos escribir os administradores.

Tedes ao Relación con Participantes para os temas Deportivos, e aos Oficias da zona para os temas Organizativos.

### 1.-A SEGURIDADE

-A SEGURIDADE é o punto esencial durante toda a proba e fundamental para o bo desenrolo da mesma. Por unha banda, comprobade ben o **EQUIPAMENTO PERSOAL DE SEGURIDADE** (mono ignífugo, collarín ou hans, sotocasco, casco, botas e luvas, cando vos dirixades a presaída (asistencia), así chegaredes preparados para tomar saída correctamente.

Por outra banda, hai que ter en conta que o circuito está valado e cintado a modo de que só os comisarios de pista e os membros autorizados pola organización poden entrar dentro da zona do circuito.

Este circuito conta tamén con proteccións adicionais (como poden ser os sacos de area) en certos puntos máis complexos, pero todo está disposto para que, en caso de ser necesario, pódese evacuar un vehículo que non poida continuar polos seus medios, sempre e cando non sexa necesario retiralo co vehículo de Rescate ou coa Grúa. **Facede sempre caso ao que vos indique os Oficiais de cada zona da proba.**

Referente a seguridade, remarcar tamén que pola zona da asistencia circula coa máxima precaución, xa que aquí soe haber moito público e unido a 68 participantes, mais de 50 vehículos inscritos e a súas asistencias, fan un volume moi grande de xente e medios concentrados, polo que solicitamos a **MÁXIMA PRECAUCIÓN NO PARQUE DE ASISTENCIA.**

A zona de quecemento de rodas, está delimitada, pero no resto do enlace entre a Pre-saída do Parque de asistencia e Saída do trazado, circula coa precaución propia dunha vía con público que pode cruzala polos pasos de peóns, etc.

A zona de enlace entre o final de trazado e o parque de asistencia, despois da zona de freado de emerxencia, é unha zona na que pode ser que vos encontredes con algún público, polo que moita precaución.

### 2.-O TRAZADO:

\*A normativa establece que os conos de cor vermella deben de deixarse ao lado dereito, os conos de cor verde deben de deixarse ao lado esquerdo, e os conos de cor azul hai que darlle unha volta completa (360º)

Lembrede que trala segunda manga oficial, os vehículos deben ir ao Parque Pechado, agás aqueles de uso compartido, que irán ao Parque Pechado despois da segunda manga oficial do último participante no mesmo.

O Parque Pechado levantarase trala publicación da Clasificación Final Oficial, que é cando se poden sacar os vehículos del, agás os tres primeiros clasificados da Xeral Scratch, que están autorizados a vir cara a zona de entrega de premios cando llelo indiquemos.

MOITA SORTE A TOD@S!